

SOBRE A ARQUEOLOXÍA MINDONIENSE

Abel Vigo García
Arqueólogo. Mondoñedo

Introducción.

A zona que nos ocupa foi precursora dos estudos arqueolóxicos en Galicia aló polo século XIX na figura de Villaamil y Castro que foi o primeiro que levou a cabo escavacións arqueolóxicas nun castro en Galicia¹ (a Croa de Zoñán en setembro de 1867²) e tamén o primeiro que leva a cabo unha intervención destas características no interior dunha cova (a cova de Furada dos Cas tamén hacia finais da década dos 60).



Ilustración 1: Cova de Furada dos Cas (Vilamor).

A pesar de todo isto, co paso do tempo, o maior volume de investigacións arqueolóxicas levadas a cabo en Galicia fixéronse na área atlántica sendo, nesta liña, moi significativos os mapas de distribucións de xacementos dos anos 80 do século XX nos que o norte da provincia de Lugo queda un tanto valdeira ou case deserta de castros, mámoas,...


As únicas intervencións reseñables, con finalidade investigadora, que se levan a cabo nesta zona nos últimos cincuenta anos son as escavacións no Castro de Fazouro (Foz, Lugo) (Chamoso, 1965 e Alonso, 1966) e diversas sondaxes en covas da área mindoniense (Soto Barreiro et Al, 1994). Máis de ahí só hai prospeccións³ e actuacións preventivas debido a diversas obras (Ramil et Al., 1995).

Pero isto non se debe a que nos atopemos nunha zona con escaso interés arqueolóxico ou con poucos xacementos, o que ocorre é que, polo xeral,

¹ López García (2003)

² Villaamil (1900): Di na nota n.º2 da páxina 65: “La recogí de manos de uno de los peones empleados en las excavaciones que emprendí en esa Croa en Septiembre de 1867,(...)” ao referirse ao achádego dun puñal que está a describir procedente do Castro de Zoñán.

³ Os traballos levados a cabo nos Castelos de Viloalle Mayán califícaos de prospeccións e consisten en traballos de superficie e a elaboración dunha ficha do lugar en cuestión (Mayán, 1957)



as universidades galegas estiveron máis vinculadas á área atlántica moi posiblemente pola maior proximidade a ela.

Por sorte esta tendencia parece que se está a solventar con traballos de prospección do territorio, publicacións de catálogos de xacementos e, por suposto, intervencións arqueolóxicas con finalidade de investigación⁴.

Ademáis, coas actuacións preventivas téñense atopados novos xacementos como os restos dun Hipocausto en Burela⁵ ou restos dun concheiro do que sería un Castro en San Cibrán⁶.

No presente artigo ímonos centrar en facer unha introducción á arqueoloxía mindoniense amosando, de xeito breve, o que hai das diversas etapas prehistóricas e as perspectivas que se presentan no Concello de Mondoñedo que nestes últimos anos adicouse a potenciar e por en valor o seu patrimonio arqueolóxico.

Arqueoloxía mindoniense

Os datos que temos para falar da arqueoloxía local proveñen de achádegos casuais, os catálogos patrimoniais de carácter oficial, traballos publicados na bibliografía e datos novos obtidos a partir de traballos recentes. Con todo isto tentaremos facer unha panorámica xeral, tal como indicamos previamente.



Ilustración 2: Cova de Rei Cintolo (Argomoso).

A clasificación e encasillamento de todos os obxectos recuperados fóra dos traballos sistemáticos de escavación, así como a localización cronolóxica dos diversos lugares catalogados como xacementos arqueolóxicos son problemas complexos que esixen dunha reflexión máis profunda do que parece a simple vista.

En Mondoñedo tense falado de mamoas (arcas), menhires, petroglifos, restos paleolíticos, machados de bronce con talón e aneis, torques, cas-

⁴ As principais intervencións de investigación, en colaboración coa USC, estanse a levar a cabo no Concello de Mondoñedo: a cova do Rei Cintolo no ano 2002 e o Castro de Zoñán nos anos 2002, 2003, 2004 e 2005 –coa preparación dunha campaña para o ano 2007–.

⁵ *La Voz de Galicia Dixital*, nova con data 16/09/2004 en <http://lavozdegalicia.es>

⁶ Nova recollida nos diarios: *El Progreso* (xoves 10 de agosto de 2006, Edición A Mariña. Nova recollida en páxinas provinciais e en páxinas locais) e *La Voz de Galicia* (xoves 10 de agosto de 2006, Edición A Mariña. Nova recollida en páxinas locais).

tros,... calquera lector afeccionado ao tema seguro que ten lido sobre máis dun aspecto dos aquí mencionados. Vaíamos por orde.

Da fase máis antiga, a Paleolítica (a dos primeiros homes) teríamos as covas de Furada do Cas e Rei Cintolo (ambos lugares catalogados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural), pero para o primeiro caso –dado a coñecer por Villaamil (1873)– temos que falar de restos relativamente modernos. Os restos óseos e líticos que recuperou nesa cova estanse a por en tela de xuízo, considéranse máis recentes do que el indica, polo que abandoa-rían a etapa Paleolítica.


Na cova do Rei Cintolo temos unha gran amalgama de datos que nos falan de supostos usos ou ocupacións que van dende o Paleolítico ata a Idade Media. Na cova téñense recuperado restos óseos de animais (Villaamil, 1873), un puñal (Trapero, 1946 e Mayán, 1994), unha punta de frecha e restos óseos humanos que se están a estudar dende a súa aparición en na década dos 70 do século XX.

Ademáis destes achádegos casuais temos valoracións arqueolóxicas levas a cabo neste últimos anos. En primeiro lugar un estudo xeral en sistemas cársticos levado a cabo no ano 1989 (Soto Barreiro et Al., 1994) no que se incluía a área mindoniense facéndose traballos na cova da Marieneta (Argomoso, Mondoñedo) e na Cova de Rei Cintolo (Argomoso, Mondoñedo). Nestes traballos só se ten recuperado unha fusaiola dentro de Rei Cintolo.

Por outra parte no ano 2002 levouse a cabo unha valoración arqueolóxica da Galería Central cunha escavación na entrada e unha serie de sondaxes no resto das galerías. Como resultado das mesmas recuperáronse diversos restos óseos, cerámicos e carbóns que se dataron no século XI. Esta é, polo momento, a única data fiable que se obtivo, posto que os outros restos materiais non son capaces de proporcionar unha cronoloxía, polo que seguimos un tanto no aire en canto ao seu uso en época prehistórica⁷.

Avanzando un pouco na historia temos citas sobre arcas, menhires, asentamentos neolíticos, petroglifos,... Pero na realidade está todo un pouco máis escuro do que pode parecer. Hoxe en día consérvase un topónimo *Monte d'Arca* perto de Lindín e nesa zona localízase unha ficha do catálogo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con un "Castro-Medorra" un termo un tanto ambiguo posto que historicamente ambos termos distan varios séculos. Os castros son menos antigos que as medorras. Na zona o que queda é o topónimo; quizais houbese medorra, arca ou mámoa que foi

⁷ Un bo resumo do que se fixo nos traballos do ano 2002 está publicado, pola directora da intervención, na revista *Croa* (Villar, 2003). Alí recóllense puntos de intervención, materiais recuperados, etc. e faise unha primeira valoración de todo.



a que lle deu o nome, pero hoxe non temos noticia dela e Villaamil no século XIX (1878)⁸ tampouco identificou unha mámoa como tal.

Esta é a única referencia a monumentos megalíticos deste tipo no concello. Hoxe por hoxe non se teñen documentado mámoas no territorio municipal. Pero tamén por outra banda o propio Villaamil é quen fala dun menhir entre Couboeira e Masma (Villaamil, 1873), o problema é que non o localiza dun xeito máis preciso e dende aquela non temos máis novas sobre o mesmo: ignoramos si existeu e si se conserva.

Ademáis disto circulan afirmacións sobre petroglifos en Viloalle ou a identificación dos Castelos (tamén en Viloalle) como asentamento neolítico. Sobre o primeiro punto non podo afirmar nin desmentir posto que, polo momento, non tiven oportunidade de ver aquilo que identifican con petroglifos, nin siquera unha imaxe, polo tanto sin unha base de traballo non podemos avanzar máis neste punto. En todo caso dicir que non serían os primeiros localizados na comarca, posto que hai unhas Cazoletas identificadas entre O Valadouro e Orol, tamén en zona granítica como Viloalle⁹.

Os Castelos, lugar xa sospeitoso para Villaamil de ser un lugar de defensa antiga¹⁰ será, a mediados de século XX un dos lugares de estudo de Mayán. Alí recuperará cerámicas, metais e documentará a zona con fotos, planos e outros datos cos que configurará unha ficha de catalogación. Mayán sitúa este asentamento na Idade do Ferro (época dos asentamentos nos Castros e previa á chegada de Roma). Por outra banda o catálogo oficial de Patrimonio sitúa este enclave en época Medieval.





Ilustración 3: Os Castelos (Viloalle).

⁸- Con posterioridade a esta publicación, voltárase a citar noutras entre as que temos que destacar, polo seu carácter histórico, as de Francisco Mayán (Mayán, 1962 e 1994).

⁹- As zonas graníticas é onde se teñen descuberto este tipo de representación prehistóricas que van dunhas simples Cazoletas –buratos na rocha- a verdadeiras viñetas narrativas con animais, armas ou antropomorfos.

¹⁰- Villaamil (1876): Cita na páxina 220, nota ao pé 1 que se sitúan sobre Recadieira (a Croa) e que neles aparecen restos de construcións e “*tiestos en abundancia*”.



Estrictamente, sin estudos máis profundos, quizais non se poda precisar a que etapa se pode adscribir dende esa Idade do Ferro de Mayán á época Medieval de Patrimonio porque os restos atopados son moi imprecisos posto que as cerámicas locais que están publicadas¹¹ non dan cronoloxía e os restos metálicos, de ferro, non clarifican nada, pero si nos din que non son restos dun asentamento Neolítico, posto que a calidade das cerámicas é moi superior ao que terían que ser as neolíticas e ademáis nesa etapa non temos metalurxia é, como se di nos clásicos da arqueoloxía, a etapa da pedra pulimentada. A metalurxia chegaría máis tarde e o traballo do ferro é a última fase que se leva a cabo, xa a cabalo co mundo romano ou galaicoromano.

Da Idade do Bronce non temos restos de asentamentos en todo o concello (nin noticias deles), pero si temos unha serie de restos materiais que pola súa tipoloxía se poden levar a esa etapa, aínda que o seu uso poda ser posterior, xa da Idade do Ferro.

Estos obxectos son os diversos machados que se teñen documentado na zona¹² e que asocian a castros porque teñen aparecido neles ou nas súas proximidades –segundo os datos que nos constan–. Isto tampouco é de estranar posto que se puideron manter os usos dos mesmos dende tempo antigo ou ser restos das primeiras ocupacións deses lugares de fácil defensa que coñecemos como castros e que tanto abundan na zona, pois a orixe destes poboados, en zonas como o norte de Portugal, sitúase nas etapas finais da Idade do Bronce.

Temos documentados, a día de hoxe, catro machados de talón e aneis cunha cronoloxía tipolóxica que se sitúa a cabalo entre o IIº e o Iº milenio a. C. e todos eles procedentes do Castro de Zoñán ou das proximidades, a pesar do que mantén Villaamil (1900) de que un dos que él presenta procede dun suposto castro en Santo Tomé de Estelo¹³. Esta




Ilustración 4: Exemplo de construción descuberta. Castro de Zoñán (Os Remedios).

¹¹- Mayán, 1994, páx. 18. Según a información proporcionada polo mesmo autor.

¹²- Vigo (2005b). Aquí faise unha recopilación de varios machados de talón e aneis aparecidos no val de Mondoñedo, todos eles vinculados ao Castro de Zoñán ou ás súas proximidades –ver nota 14 -.

¹³- A pesar de ter buscado referencias sobre este lugar non se atopou ningunha, con todo mantívose este nome na publicación que recollía todos os achádegos de machados na zona en Vigo García (2005b). Á conclusión de que este lugar procedía dunha mala interpretación de datos chegouse con posterioridade á redacción do artigo aquí indicado, tras contrastar as lecturas de Villaamil (1900) e Graña Cid (1999).



afirmación débese a unha confusión entre el e o veciño de Zoñán que o atopou e a unha mala lectura dun documento de doación dunha terra ao mosteiro de Os Picos¹⁴.

As fases seguintes podemos dicir que van de corrido ata chegar ao medievo, posto que a continuación temos o que se coñece como Cultura Castrexa que existe e se consolida na Idade de Ferro e que continuará no mundo galaico-romano, tras a conquista. Nesta fase o elemento definidor é o Castro –o poboado fortificado– e aínda que estudamos toda a etapa casi como un todo temos unha clara ruptura coa conquista por parte de Roma e a aculturación latina posterior o que coñecemos como romanización e que darán lugar a dúas etapas diferentes: a fase prerromana e a glaiorromana.

No Concello de Mondoñedo están documentados e catalogados multitude de castros: Castro de Zoñán (Os Remedios), Castro de Recadieira (Os Remedios), Castro de Lindín (Lindín), Croa de Santa María Maior (Sta. M.^a Maior), Castro de Masma (Masma), Castro de Penelas (Masma), Os Castros (Ferreira Vella), Os Castros (Mondoñedo), etc.

O que máis se tiña recuperado de todos eles eran restos de orfebrería (torques e arracadas) e restos de bronzes (machados e algunha fíbula), pero cos traballos de investigación que se están a desenrolar no Castro de Zoñán dende o ano 2002 recuperáronse máis cousas e, o que é máis importante, dentro dun contexto arqueolóxico que permite un estudo en profundidade do exhumado.

Estos restos son, cerámicas (pratos, potas, anforetas,...), muíños circulares, bronzes, ferros,... e construcións que nos falan da vida nos castros aquí e que nos indican que surxiron antes da chegada dos romanos, foron os lugares de asentamento baixo a dominación romana e estiveron en uso ata os séculos IV ou V d. C., momento no que deixaron de ser funcionais e se abandonan para ocupar os espazos de val.

Sobre a arqueoloxía mindoniense poderíase falar moito




Ilustración 5: Tres exemplos de formas cerámicas recuperadas no Castro de Zoñán (Os Remedios) -ano 2005-.

¹⁴ Onde Villaamil lee Santo Tomé Graña Cid (1999) lee San Cristovo. O documento é unha doación dunha veciña de Couboeira (Teresa Yáñez) ao mosteiro de Villaoriente ou Os Picos.

máis pero entrando xa en campos específicos. Neste aspecto a fase castrexa é a que máis posibilidades ofrece por ser a que máis datos ten e a que máis e mellor representada está no rexistro, pero sin desbotar outras etapas da prehistoria da zona porque novas investigacións e novas prospeccións poden dar lugar a novos achadegos que aporten informacións que faciliten a aproximación, por exemplo, ao mundo do megalitismo do que tan pouco sabemos para a zona mindoniense.

Bibliografía

- Alonso del Real, C. e Fernández Rodríguez, M. (1966), "Castro de Fazouro. Memoria provisional", *Noticiario Arqueológico Hispánico*, VIII-IX, 1964-1965, Madrid.
- Balseiro García, A. (1994), *El oro prerromano en la provincia de Lugo*, Diputación Provincial de Lugo, Lugo,
- Blanco Freijeiro, A. (1957), "Orígenes y relaciones de la orfebrería castreña", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Fascículo 38, Tomo XII, Santiago.
- Bouza Brey, F. (1965), "Tres torques áureos de Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Fascículo 60, Tomo XX, Santiago de Compostela, 1965
- Chamoso Lamas, M. (1965), "Excavaciones arqueológicas en el Castro de Fazouro, en Foz (Lugo)", *Noticiario Arqueológico Hispánico*, Cuadernos 1-3, Madrid.
- Graña Cid, M. M. (1999), "Órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo: el Convento de San Martín de Villaoriente (1374-1580)", *Estudios Mindonienses*, Tomo 6, Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo -Ferrol. Fundación Caixa Galicia, Ferrol.
- Lamela López, M. (2002), "A cerca da Cova do Rei Cintolo" en *Lucus*, n.º46. pags. 121-126, Boletín Informativo de la Excelentísima Diputación de Lugo, Lugo, febreiro.
- López Cuevillas, F. (1932), "Os Torques no Noroeste hispánico", *Archivo do Seminario de Estudios Galegos*, Vol.. IV, Santiago de Compostela.
- López García, J. C. (2003), "José Villa-Amil y Castro: Pioneiro da Arqueoloxía Prehistórica en Galicia", *Brigantium* 14, pp 89-96, revista do Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón, Coruña.
- Mayán Fernández, F. (1957), "La Prehistoria. El hombre primitivo", *Boletín pedagógico de la Institución de Formación del Profesorado de Enseñanza Laboral*.
- Mayán Fernández, F. (1962), "Castros gallegos Elaneobrigenses" *XXVI Congreso da Associação portuguesa para o progreso da Ciencias*, Porto.



Mayán Fernández, F. (1975), *Breve Guía Histórico –Artística de Mondoñedo*, Ediciones Celta, Lugo.

Mayán Fernández, F. (1994), *Historia de Mondoñedo*, Diputación Provincial de Lugo, Lugo.

Monteagudo, L. (1977), *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel*, (PBF), Tomo IX, Sección 6, München.

Ramil Rego, E. et Al., (1995), "El yacimiento de Punta do Castro (Reinante, Barreiros, Lugo). Materiales de superficie y perspectivas", *Férvedes*, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, Vilalba.

Soto Barreiro, M^a J. e Pumarejo Gómez, P. (1994), "Excavación arqueológica con remoción de terras en afloramentos calizos do concello de Mondoñedo (Lugo)", *Arqueoloxía. Informes 3. Campaña 1989.*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Dirección Xeral do Patrimonio, Santiago de Compostela.

Trapero Pardo, J. (1946), "El Puñal de la Cueva del Rey Cintolo", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, Lugo.

Valiña Sanpedro et Alii.(Coords.) (1980) *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Tomo III e Tomo IV, Madrid.

Vázquez Seijas, M. (1943), *Lugo en tiempos Prehistóricos*, Junta del Museo Provincial de Lugo, Lugo.

Vigo García, A. (2004a), "Xacementos do Concello de Mondoñedo" *Boletín do Museo do Museo Provincial de Lugo*, n.ºXI, Lugo.

Vigo García, A. (2004b), "Noticia de escavación arqueológica no Castro de Zoñán (Mondoñedo –Lugo-). Campañas 2002-2003", *Gallaecia*, n.º23, Departamento de Historia I, USC, Santiago de Compostela.

Vigo García, A. (2004 – 2007), Diversas colaboracións no xornal *Mondoñedo* (xornal bimensual editado pola asociación "Amigos de Mondoñedo"), con artigos sobre os chádegos no Castro de Zoñán nos números 61, 62, 63, 65, 66, 68, 69, 70 e 77.

Vigo García, A. (2005b), "Hachas de bronce del valle de Mondoñedo. Una nueva aportación", *Lancia* n.º5, paxs. 251-256 Universidade de León.

Vigo García, A. (2005g), "Escavacións no Castro de Zoñán (Mondoñedo), 2002-2003", *Minius* n.º. XIII, Dep. de Historia, Arte e Xeografía, Servizo de Publicacións, Universidade de Vigo, Vigo.

Vigo García, A. (2006), "Castro de Zoñán (Mondoñedo-Lugo). Campaña 2005. Avance de resultados", *Gallaecia* n.º25, Dep. de Historia I, USC, Santiago de Compostela.



- Villaamil y Castro, J. (1866), *Crónica de la Provincia de Lugo*, en serie *Crónica General de España, o sea Historia Ilustrada y descriptiva de sus provincias,....*, edición facsimil 2002, Madrid.
- Villaamil y Castro, J. (1873), *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, Imprenta de Soto Freire, Lugo.
- Villaamil y Castro, J. (1874), *Adornos de oro encontrados en Galicia*, (separata de) *Edad Antigua. Arte Pagano*. Orfebrería.
- Villaamil y Castro, J. (1876), "Los Castros y las Mámoas de Galicia", *Museo Español de Antigüedades*, VIII, paxs.195-237.
- Villaamil y Castro, J. (1878), "Pobladores, Ciudades, Monumentos y Caminos Antiguos del Norte de la Provincia de Lugo", en *Boletín de la Real Sociedad Geográfica de Madrid*, Tomo V, páxs 81-139, Madrid.
- Villaamil y Castro, J. (1887), "La edad Prehistórica en Galicia según Mr. Cartailhac", *Galicia. Revista Regional*, Año 1, Coruña.
- Villaamil y Castro, J. (1900), "Armas, utensilios y adornos de Bronce recogidos en Galicia", *Edad Antigua-Arte pagano-Instrumentaria-Panoplia-Indumentaria*.
- Villaamil y Castro, J. (1907), *Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos*, Ourense.
- Villar Quinteiro, R. (2003), "Intervención arqueológica en la Cueva do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo): resultados preliminares de la campaña del año 2002", *Croa*, n.º13, Museo do Castro de Viladonga, Lugo.
- Xunta de Galicia (Inéditas), *Fichas de Catalogación do Patrimonio de Galicia*, Santiago de Compostela.
- Xunta de Galicia (1991), "Normas Subsidiarias dos Concellos de Galicia", *D.O.G.* 133, 12 de xullo de 1991, (Resumen patrimonial), Santiago de Compostela.

